

2025

Relatos para viaxar

polos concellos
da provincia da Coruña

#HoxeEscriboEn



A CORUÑA PROVINCIA

**93 CONCELLOS
DA PROVINCIA
DAN PARA MOITO
ESCRIBIR**



Deputación
DA CORUÑA



Biblioteca e Turismo
www.dacoruna.gal/biblioteca



¿Onde está Velázquez?

Raquel Martínez Rodríguez

#HoxeEscriboEn

Ferrol

2025

A primeira vez que vin unha Menina foi por accidente. Tiña dezaseis anos e viña do Inferniño, esgotada dunha clase de historia que non me contara nada nin do meu barrio nin da miña cidade. Fuxira do instituto co pretexto da dor de cabeza e subira ao barrio de Canido coma quen busca aire fresco.

E alí estaban: Meninas por todas partes. Pintadas en portas, en muros de pedra, en antigos garaxes e zócolos de vivendas que parecían abandonadas pero non o estaban. Algunhas rían, outras fumaban, algunha levaba skate, outra un megáfono. Ninguén me explicara nunca que no alto de Ferrol, naquel recuncho en aparencia marxinal, estaba o corazón máis palpitante da arte urbana en Galicia.

Dende aquel día volví a miúdo. Chamábame a atención como as Meninas, esas criaturas do barroco de Velázquez, se transformaran en mensaxeiras da memoria e da ironía, do orgullo e da loita de Ferrol. Unha homenaxe viva, colorida e rebelde, ao esquecemento e á decadencia que tantas veces oíra falar da miña cidade.

Pero aquilo non era só arte. Era unha conversa aberta. Cada Menina preguntaba algo. Cada parede pintada berraba. A cidade non era só estaleiros e peiraos militares, era tamén unha voz nova que quería falar doutro futuro.

Un día, co móbil na man, decidín facer un proxecto: “¿Onde está Velázquez?”. Gravei vídeos curtos contando a historia de cada pintura, entrevistei veciños, artistas, xente do barrio. Falei con Ramón, o panadeiro que lembraba cando Canido era gris; con Aurora, que cedeu o muro da súa casa para que unha Menina lle dese os bos días; con Anxo, un artista mozo que pintaba con spray e rabia porque “Ferrol tamén ten dereito a soñar”.

Os vídeos comezaron a viralizarse nas redes sociais. Xente de fóra preguntaba como chegar, turistas desvíábanse do centro histórico para perderse entre cores. O barrio, sen apenas querer, volveuse epicentro.

Unha mañá, no lugar onde sempre houbo unha parede baleira, apareceu unha nova obra: unha Menina pequena cunha cámara de vídeo na man. Non levaba firma. Só unha pregunta escrita ao carón:

“E ti, onde está a túa mirada?”

Souben que era para min. Non a pintara, pero sentínme autora.

E así, sen plans nin programas, comecei a aprender noutra aula: unha feita de pedra, pintura e memoria. Canido ensinome que hai leccións que non caben nun pupitre, e que o saber tamén se pinta. Alí, cada mural era unha lección, e cada Menina, unha resposta nova ás preguntas que ninguén se atrevía a facer.